



MÚSICA 4º ESO

A partir deste curso, a materia de MÚSICA pasa a ser optativa e o seu carácter e metodoloxía cambia bastante respecto á Música de 3º de ESO.

Desaparecen os contidos de Historia da Música, e aparecen outros novos como:

- Músicas do mundo
- O nacemento da Música Moderna : dende a orixe do jazz pasando polas distintas décadas do pop-rock e chegando ata a etapa dos sintetizadores e o autotune)
- A música nos medios de comunicación: radio, cine e publicidade.

Na avaliación desaparecen os exames escritos e se valorarán traballos de investigación, a nivel individual e/ou colaborativos, exercicios de audición e práctica instrumental. Este último apartado será unha boa ocasión para practicar co teu instrumento favorito: teclado, voz, guitarra, expresión corporal,...

O protagonista da túa aprendizaxe es ti, e grazas ás túas suxerencias e nivel de implicación, a materia pode flexibilizarse e achegarse mellor aos teus gustos e intereses.

Tamén se contemplan actividades complementarias como saídas relacionadas con temáticas de clase, audicións, e participación en eventos escolares dentro e fóra do centro, próximos á nosa contorna.